

Manifesto COF's

A creación da rede de Centros de Orientación Familiar (C.O.F.), como un servizo normalizado e integrado dentro das prestacións da Seguridade Social, parte do Plan Xeral de Centros de Orientación Familiar publicado no ano 1983 e prodúcese nun momento histórico no que había unha gran demanda social destes servizos, á cal se estaba a responder cun conxunto de accións dispersas e diferentes, dependendo do criterio de cada centro de planificación familiar existente e todas elas fóra da rede asistencial da seguridade social. Antes desta data en Galicia había un Centro de Planificación en cada provincia dependente das direccións provinciais de sanidade e dous Centros de Planificación Familiar Municipais, un na Coruña e outro en Vigo.

Naquel entón o Ministerio de Sanidade e Consumo recoñecía como notable a acción dos concellos neste terreo, sendo municipais o 55,44% do total dos centros existentes, nos que as prestacións ofertadas, aínda que diferentes en cada un deles, era máis ampla que a pura acción medicalizada anticonceptiva, abrangendo aspectos psicosociais e sexuais.

Ante este tipo de atención tan dispersa e minoritaria (calculábase que só cubría a un 5% da poboación), créase este plan de centros cuns obxectivos e un programa común para toda a nova rede de Centros de Orientación Familiar dependentes naquel entón do INSALUD, que aquí en Galicia abren as súas portas no ano 1984.

As características máis relevantes destes centros eran:

- ✓ Equipo multidisciplinar constituído por persoal de administración, enfermaría ou matrona, traballo social, psicoloxía clínica e xinecoloxía.
- ✓ Acceso directo por parte da poboación.
- ✓ Traballo con usuari@s e non con pacientes.
- ✓ Abordaxe integral (socio-sanitario-afectivo-sexual).
- ✓ Labores educativas e de promoción da saúde afectivo sexual.
- ✓ O mesmo perfil de prestacións asistenciais para toda a rede.
- ✓ Protocolos comúns de actuación, entre os que cabe salientar o de captación de persoas con condutas de risco para poder priorizar a súa atención, así como a adecuación da atención a colectivos con características especiais como o d@s moz@s.
- ✓ Formación e apoio aos/ás diferentes profesionais de atención primaria.
- ✓ Coordinación e avaliación periódica dos centros por parte da administración, a través da figura de coordinador@ dos C.O.F.

Con este plan pretendíase que os C.O.F. desen resposta a unha das carencias máis grandes que tiña a cidadanía en xeral e as mulleres en particular, que era a atención á saúde sexual e reprodutiva. Tamén se enmarcaron como centros de referencia para as diferentes áreas sanitarias, coa idea de que fose a atención primaria a que, polas súas características e accesibilidade, realizase paulatinamente as prestacións básicas de planificación familiar á poboación.

Pero co paso do tempo as políticas irresponsables, de abandono e de pasividade das diferentes administracións impuxéronse, non habendo vontade política de manter o proxecto dos C.O.F. e permitindo que os centros evolucionasen de xeito diferente, perdéndose profesionais, prestacións e calidade na atención.

Tampouco en todos estes anos tivo a administración a valentía de apostar de forma seria polo desenvolvemento das prestacións básicas de planificación familiar en atención primaria, o que produciu gradualmente unha paralización da formación d@s profesionais de atención primaria e da implantación do programa de planificación familiar, de tal forma, que na

maior parte dos centros de saúde, hoxe en día aínda non se ofertan as prestacións básicas deste programa.

A integración dunha das prestacións da planificación familiar, como é a anticoncepción, nas áreas sanitarias, que existe foi posible polo interese e esforzo d@s profesionais de Atención Primaria e dos C.O.F. motivados polo tema.

Na práctica esta desidia política e administrativa, tradúcese en falta de medios, tempo e formación d@s profesionais de Atención Primaria que deberían de levar a cabo estas tarefas. Por iso neste momento, salvo algúns casos excepcionais que ofrecen asesoramento contraceptivo, non se realizan o resto de prestacións básicas:

- ✓ Información grupal básica en materia de sexualidade e anticoncepción.
- ✓ Información e asesoramento anticonceptivo individualizado de todos os métodos, incluído os cirúrxicos.
- ✓ Atención das complicacións dos métodos hormonais e intrauterinos.
- ✓ Atención da demanda da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE).
- ✓ Atención da demanda dos métodos cirúrxicos.
- ✓ Captación de problemática afectivo-sexual, para valorar e ofertar a derivación ao C.O.F.

No caso da atención á demanda da anticoncepción de urxencia, non se garante a súa prestación de forma regular nin nos Centros de Saúde nin nos P.A.C.

A nosa experiencia confirma que os centros de saúde non están en condicións de asumir máis presión asistencial, nin están creados os recursos para que poidan dar estas prestacións básicas. Non podemos esquecer que a prestación básica nesta materia, é moito máis que a prescrición de anticonceptivos hormonais e a realización de citoloxías, tal e como a actual administración quere vender á cidadanía.

Esta falta de implantación en atención primaria supuxo que a carga asistencial dos C.O.F. fose en aumento, en prexuízo do labor preventivo, formativo e, por suposto, investigador destes.

Con todo, viñeron cumprindo un labor clave, non só polo elevado número de usuari@s que atenden, senón tamén porque mantiveron un tipo de atención, que seguimos considerando básica á hora de abordar a saúde en xeral e a sexual e reprodutiva en particular. Esta atención veuse caracterizando, sobre todo, por manter unha perspectiva de xénero na atención á saúde, por priorizar a autonomía das mulleres e os homes á hora de decidir sobre a súa propia saúde e por proporcionar unha atención integral abordando os aspectos biopsicosociais da saúde afectivosexual.

Defendemos o respecto aos dereitos sexuais e reprodutivos recollidos como dereitos humanos fundamentais en todos os tratados internacionais dende os anos 90, subscritos polo goberno español e polo tanto de obrigado cumprimento para o goberno de Galicia.

Estes dereitos concrétnanse na implantación e consolidación en atención primaria dun programa da muller integral e de calidade e na permanencia dos C.O.F. de carácter público, interdisciplinario e con persoal e medios suficientes, axeitados e accesibles.

Actualmente ningún dos 10 C.O.F. de Galicia poden manter esta atención integral e de calidade, debido ás políticas actuais de recortes e de potenciación do privado fronte ao público.

Na maioría dos C.O.F. e dende hai tempo non existe o equipo básico que poida prestar este tipo de atención que defendemos. **Moitos centros comparten aos/ás profesionais con outros dispositivos sanitarios ou simplemente carecen dalgunha figura deste persoal**

básico. Esta situación empeora día a día ao non estar a substituír o persoal que se xubila, como pasa no resto dos dispositivos de saúde.

Tamén no momento actual as prestacións son diferentes en cada C.O.F., sendo por agora as comúns:

- ✓ Atención da anticoncepción: asesoramento, instauración de método, atención de complicacións e efectos secundarios, anticoncepción cirúrxica e anticoncepción de urxencia. **O obxectivo da inmediatez da atención en materia de anticoncepción non se cumpre en moitos centros debido a que o persoal de xinecoloxía é compartido con outros servizos e non está a tempo completo no C.O.F.**
- ✓ Demanda de I.V.E.: información, valoración de risco psicolóxico e derivación; revisión xinecolóxica posterior á I.V.E. con asesoramento e instauración de método.
- ✓ Atención a problemática sexual e de parella.

Só en moi poucos C.O.F. seguiríase ofertando:

- ✓ A charla informativa de anticoncepción e sexualidade para as persoas que acoden por primeira vez ao centro.
- ✓ Traballo social. **En varios non hai persoal de traballo social.**
- ✓ Traballo comunitario.
- ✓ Exames de saúde xinecolóxicos.
- ✓ Valoración e derivación de demandas de esterilidade.
- ✓ Formación teórico-práctica de diferentes profesionais de atención primaria.
- ✓ Labores de investigación.

Creemos que para dar unha asistencia de calidade á cidadanía é imprescindible recuperar a filosofía e os obxectivos iniciais destes centros:

- Manter unha atención integral, cunha dimensión educativa e de promoción da saúde afectiva-sexual e reprodutiva.
- Garantir á poboación o acceso inmediato á información básica en materia de sexualidade e anticoncepción.
- Prever os embarazos non desexados prestando unha atención asistencial en materia anticonceptiva de calidade, mediante a instauración de método e atención de complicacións do método de forma rápida e axeitada.
- Prever as I.T.S. e o cancro de cérvix mediante as revisións xinecolóxicas de saúde periódicas.
- Garantizar o acceso á Interrupción Voluntaria do Embarazo.
- Atender os problemas de saúde afectivosexual, tales como as disfuncións sexuais, a problemática de parella, a problemática psicolóxica derivada das agresións sexuais,...

- Proporcionar a formación e o apoio necesarios aos/ás profesionais de atención primaria para que poidan levar a cabo as prestacións básicas de planificación familiar.
- Facer traballos de investigación co fin de mellorar os coñecementos e a atención á saúde sexual e reprodutiva.

Actualmente, no Estado Español estase producindo un grave retroceso en relación aos dereitos das persoas en xeral e á saúde das mulleres en particular. A atención á saúde sexual e reprodutiva, regulada pola Lei Orgánica 2/2010, aínda vixente, non foi desenvolvida na maior parte dos seus títulos e vai ser modificada no que respecta á I.V.E. **Os C.O.F., que en Galicia van perdendo persoal e por conseguinte capacidade de intervención, corren o risco de desaparecer, co que a atención, a protección e a promoción da saúde sexual no ámbito público quedaría totalmente desatendida. A capacidade da atención primaria é insuficiente e máis sen equipos de apoio especializados que faciliten un labor máis amplo que a mera realización de citoloxías ou a prescripción dalgún método anticonceptivo.**

É incuestionable que o desmantelamento e o abandono no que están os C.O.F. supón un grave retroceso nas garantías da sanidade pública e a vulneración de dereitos básicos de saúde, dos cales a saúde sexual e reprodutiva forma parte como elemento indiscutible da saúde integral de calquera persoa e é un dos indicadores de calidade de vida da cidadanía. Esta deterioración da atención recae máis especificamente sobre a saúde das mulleres que, como colectivo, sofren unha vez máis a vulneración dos seus dereitos e da súa liberdade, por parte das actuais políticas que reafirman unha única identidade feminina asentada na maternidade, apropiándose de novo do corpo e da sexualidade das mulleres e facendo aínda maiores as desigualdades existentes entre sexos.

Que se pretende co desmantelamento dos C.O.F.? Pois entre outras cousas:

- ✓ Transformar unha atención integral nunha atención exclusivamente asistencial, trasladando a anticoncepción aos profesionais de AP que, pola carga asistencial que soportan, non pode dar unha atención de calidade a esta demanda, rematando en meros prescriptores de anticoncepción hormonal.
- ✓ Dispersar a atención de anticoncepción na rede sanitaria, converténdoa nunha consulta externa de xinecoloxía de tal xeito, que se perderá o punto de referencia para facer consultas de efectos secundarios ou complicacións e que xurdirán diferentes criterios de atención co conseguinte desconcerto e inseguridade para a muller.
- ✓ Suprimir as consultas de saúde afectivo-sexual.
- ✓ Dificultar o acceso á I.V.E. (Interrupción Voluntaria do Embarazo).
- ✓ Favorecer as consultas privadas.

Por todo iso facemos un chamamento á cidadanía para que se mobilice e rexeite a política natalista, que tanto o Goberno da Xunta de Galicia coma o do Estado, intentan impoñer, baixo o pretexto de falta de presuposto e busca de eficiencia. Esta política anula a libre elección da muller e da poboación, atentando contra os dereitos sexuais e reprodutivos, que tanto nos custou conseguir e que chegaron ao Estado Español con moito atraso, debido ao réxime franquista e á igrexa católica.